

Informe VIH-sida en Galicia:

Diagnósticos de infección polo VIH: 2004-2010

Casos de sida: 1984-2010

Mortalidade polo VIH-sida: 1984-2008



Pode atopar o PDF deste documento en castelán,
na epígrafe Saúde Pública da páxina da internet:
www.sergas.es

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Depósito Legal:

C 2155 -2011

Índice

PRESENTACIÓN	5
RESUMO EXECUTIVO	7
DIAGNÓSTICOS DE INFECCIÓN POLO VIH EN GALICIA: 2004-2010	9
A INFECCIÓN POLO VIH EN GALICIA 2004-2010	10
DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA	11
SEXO E IDADE	12
CATEGORÍAS DE TRANSMISIÓN	15
ESTADIO CLÍNICO	22
PAÍS DE ORIXE	24
DIAGNÓSTICO TARDÍO	26
PRINCIPAIS CONCLUSIÓN	32
CASOS DE SIDA EN GALICIA: 1984-2010	33
A SIDA EN GALICIA 1984-2010	34
DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA	35
SEXO E IDADE	39
CATEGORÍAS DE TRANSMISIÓN	41
ENFERMIDADES DIAGNÓSTICAS	49
INSTITUCIÓN DECLARANTE	49
INTERVALO ENTRE O DIAGNÓSTICO DE VIH(+) E CASO SIDA	50
PAÍS DE ORIXE	51
PRINCIPAIS CONCLUSIÓN	53
MORTALIDADE POLO VIH-SIDA: GALICIA 1984-2008	54
RESULTADOS DO ANO 2008	54
RESULTADOS DO PERÍODO 1984-2008	56

PRESENTACIÓN

Este informe que agora presentamos é xa o terceiro no que se publican os datos do impacto en Galicia da infección polo VIH xunto aos de casos de sida, que viñan publicándose de forma illada dende que esta enfermidade tivo a súa aparición na nosa comunidade autónoma no ano 1984.

O salto cualitativo no rexistro da enfermidade que supuxo o Sistema de Información Galego sobre a Infección polo VIH permitiunos coñecer mellor a súa forma de transmisión e, en consecuencia, adoptar as medidas necesarias para facerlle fronte e diminuír o seu impacto.

Esta nova forma de rexistrar a enfermidade ponnos de manifesto que os patróns de transmisión desta infección están variando, igual que ocorre no resto do Estado e no mundo occidental. Mentres que os rexistros anteriores (casos de sida) nos mostraban esta como unha enfermidade vinculada á utilización compartida de material de inxección de drogas, o rexistro de VIH móstranos que actualmente en Galicia a infección polo virus da inmunodeficiencia humana deriva fundamentalmente de relacións sexuais sen preservativo. Destacamos ademais que o diagnóstico de casos de infección polo VIH transmitida entre homes que teñen relacións sexuais con outros homes se incrementa de ano en ano un 11%.

O coñecemento deste novo patrón epidemiolóxico é, sen dúbida, de suma importancia para establecer medidas de loita contra a enfermidade. Os mecanismos de prevención –primaria ou secundaria– desta infección é obvio que son agora diferentes dos que existían inicialmente, e a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade adaptou xa as súas estratexias de intervención a esta nova realidade, como é o caso de comezar unha campaña de detección anónima do VIH mediante técnicas rápidas en fluído oral.

A difusión do informe de forma anual é un elemento máis –e importante– para conseguir os obxectivos estratéxicos da Consellería de Sanidade no relativo a esta infección/enfermidade. A utilización deste documento como unha ferramenta máis de traballo por parte dos distintos implicados no manexo desta –dende o ámbito asistencial ou asociativo– permitirá seguir avanzando nesa tendencia descendente xa iniciada hai anos grazas ao traballo de todos e cada un deles.

Non quero finalizar sen expresar o meu máis sincero agradecemento a todos os profesionais dos distintos ámbitos que, coa súa colaboración, axudan a manter ao día o rexistro para mellorar o coñecemento da situación epidemiolóxica da infección e poder así anticiparnos a ela na busca da súa progresiva diminución na nosa poboación.

Manuel Antonio Varela Rey
Director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

RESUMO EXECUTIVO

Obxectivos do informe:

- Cuantificar os novos diagnósticos de infección polo VIH e a súa evolución temporal.
- Cuantificar os novos diagnósticos de casos de sida e a súa evolución temporal.
- Describir as características epidemiolóxicas das persoas recentemente diagnosticadas de infección polo VIH.
- Contribuír á vixilancia epidemiolóxica estatal da infección polo VIH.

Ámbito xeográfico, poboación e períodos de estudo:

Recóllense os novos diagnósticos de infección polo VIH das persoas residentes en Galicia dende 2004 a 2010 e dos casos de sida residentes na nosa comunidade autónoma dende 1984 a 2010.

Metodoloxía e análise dos datos:

Faise unha análise descritiva dos datos que son facilitados polos médicos en exercicio no ámbito territorial da comunidade galega e son enviados á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública sen identificadores persoais, polo que é moi posible que non se poidan eliminar todos os posibles duplicados que se puideron xerar.

As principais variables de análise foron o “ano de diagnóstico de VIH”, o “ano de diagnóstico de sida”, a “idade ao diagnóstico de VIH”, o “sexo”, a “categoría de transmisión”, a “provincia de orixe” e o “número de linfocitos CD4 ao diagnóstico de infección polo VIH”.

Na análise ponse especial atención no diagnóstico tardío, definido como persoas con cifra de CD4 inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da infección polo VIH.

Os datos non se corrixiron por atraso na notificación, o que pode afectar á interpretación das tendencias, sobre todo no último ano.

Principais resultados dende 2004 a 2010:

Neste período rexistráronse en Galicia 1.431 novos diagnósticos de infección polo VIH (nestes sete anos presentáronse 612 casos de sida, polo que houbo un 134% máis de rexistro de infección que de enfermidade), cunha media anual de 204 casos, o que representa unha incidencia anual media de 74 casos por millón de habitantes (por debaixo da incidencia do conxunto das comunidades autónomas españolas que declaran casos actualmente ao Sistema de Información sobre Novos Diagnósticos de VIH Autonómicos, que foi de 91 casos por millón de habitantes e ano no período 2004-2009), dos cales as tres cuartas partes foron homes e a idade media foi de 38 anos.

A práctica de risco máis asociada coa infección polo virus nos sete anos analizados foi a das relacións sexuais no 72% das veces (41% heterosexual e 31% HSH). Pero considerando só os homes é máis frecuente a transmisión por relacións homosexuais (71%: 40% HSH e 31% heterosexual), presentando unha tendencia ao aumento cun cambio relativo –CR– dun 11% anual. As infeccións por compartir material de inxección para drogas supoñen o 23% dos casos rexistrados de nova infección polo VIH (presentando unha tendencia descendente, cun CR dun 25% anual).

O 46% dos infectados presentaban diagnóstico tardío ao seren diagnosticados e, ademais, a terceira parte dos casos do rexistro de sida coñecían ao mesmo tempo a súa condición de infectado polo VIH e a da súa enfermidade (menos de 6 meses dunha a outra situación).

Conclusións:

- As taxas de novos diagnósticos polo VIH son menores que as do Estado español.
- O virus transmítese maioritariamente por vía sexual.
- A transmisión entre HSH é a categoría maioritaria, cunha importante tendencia ao aumento ano a ano.
- O atraso diagnóstico é moi importante, e tan só baixa entre os HSH.

DIAGNÓSTICOS DE INFECCIÓN POLO VIH EN GALICIA: 2004-2010

No informe dos novos casos de infección polo VIH en Galicia avalíanse os datos sobre as persoas ás cales se lles diagnosticou a infección polo Virus da Inmunodeficiencia Humana (VIH) na nosa comunidade, e que foron rexistrados no Sistema de Información Galego sobre a Infección polo VIH (SIGIVIH).

Este informe recolle información sobre os novos diagnósticos da infección polo VIH en Galicia durante os anos 2004 a 2010, datos que son facilitados polos médicos en exercicio no ámbito territorial da comunidade galega (tal como se recolle no Decreto 33/2004, do 29 de xaneiro, polo que se crea o SIGIVIH), o que permite coñecer a evolución temporal e xeográfica da infección e a súa distribución entre a poboación con diferentes prácticas de risco.

A información procedente do SIGIVIH complementa e achégalle calidade ao Rexistro Galego da Sida, no que o atraso da aparición da enfermidade con respecto ao momento da infección polo VIH supón un baleiro excesivo na toma de decisións en materia de prevención. Deste xeito, temos información que nos achega ao tempo real, que é o obxectivo perseguido por todo sistema epidemiolóxico de estudo das infeccións.

A información recadada é estritamente confidencial e só se utiliza para os fins expresamente previstos no ficheiro denominado Sistema de Información e Vixilancia de Problemas de Saúde Pública.

Metodoloxicamente faise unha análise descritiva, calculando as taxas de novos diagnósticos de VIH por millón de habitantes, para o que se teñen en conta os diferentes padróns correspondentes a cada ano, e cuxas principais variables de estudo son o “ano de diagnóstico de VIH”, a “idade ao diagnóstico de VIH”, o “sexo”, a “categoría de transmisión”, a “provincia de orixe” e o “número de linfocitos CD4 ao diagnóstico de infección polo VIH”.

Na análise ponse especial atención no diagnóstico tardío, definido como pacientes con cifra de CD4 inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da infección polo VIH. Á parte, tamén categorizamos o grupo con menos de 200 células/ μ l, por presentar unha inmunosupresión severa.


Todas as taxas que se citan neste informe sobre o diagnóstico de infección polo VIH en Galicia 2004-2010 teñen en conta poboacións a partir da interpolación dos datos padronais correspondentes, e están referidas ao 1 de xullo de cada ano.

Os datos presentados non se corrixen por atraso na notificación, polo que debemos valorar menos profundamente os datos do último ano de rexistro.

A INFECCIÓN POLO VIH EN GALICIA 2004-2010

En Galicia rexistráronse 1.431 casos de persoas infectadas polo virus da inmunodeficiencia humana entre os anos 2004 e 2010, cunha media de 204 casos anuais, o que representa unha incidencia anual de 74 casos por millón de habitantes (por debaixo da incidencia do conxunto das comunidades autónomas españolas que declaran casos actualmente ao Sistema de Información sobre Novos Diagnósticos de VIH Autonómicos, que foi de 91 casos por millón de habitantes e ano no período 2004-2009).


Gráfico 1: Número de casos e incidencia de VIH+ por ano de diagnóstico. Galicia 2004 a 2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Obsérvase unha incidencia moi estable, que duplica a incidencia de casos de sida para o mesmo período (32 casos de sida por ano e millón de habitantes). Isto pon de manifesto a necesidade epidemiolóxica de ver este fenómeno de afectación polo VIH dende unha perspectiva de infección e non de sida, tal como iremos repetindo en moitos puntos deste informe.

Gráfico 2: Incidencia de VIH+ e sida por ano de diagnóstico. Galicia 2004-2010 e España 2004-2010.




(*) Os datos españois son con data do 30 de xuño de 2010

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

Tendo en conta as catro provincias galegas, Pontevedra é a zona en que se rexistran máis diagnósticos de infección polo VIH, cunha incidencia de 610 casos por millón de habitantes nos sete anos de estudo (cunha incidencia media anual de 87 casos/millón).


Gráfico 3: Número de casos e incidencia de VIH+ por provincia. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

A Coruña e Ourense presentan as incidencias intermedias (A Coruña 79 e Ourense 59 casos/millón e ano), mentres que Lugo sempre amosa menores cifras, cunha incidencia anual de 33 casos/millón.

Gráfico 4: Incidencia de VIH+ por provincia e ano. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Aínda que os sete anos representan un período de tempo curto, parece que o comportamento da incidencia de infección en Ourense é máis irregular, quizais debido ao pequeno número anual de casos.

Táboa 1: Número de diagnósticos VIH+ por provincia e ano. Galicia 2004-2010.


	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
2004	87	5	18	99	209
2005	100	13	16	79	208
2006	84	15	26	89	214
2007	98	7	22	87	214
2008	78	9	32	91	210
2009	90	21	18	84	213
2010	94	11	7	51	163
	631	81	139	580	1.431

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

SEXO E IDADE

Respecto á distribución por sexos dos casos acumulados, o 77% pertencen ao sexo masculino. A evolución do número de casos de ambos os sexos ao longo dos sete anos queda reflectida no gráfico seguinte:


Gráfico 5: Número de diagnósticos VIH+ por sexo e ano de diagnóstico. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

A razón de sexos (homes/mulleres) é de 3,3 durante todo o período. Se só tivéssemos en conta os que se infectan por relacións heterosexuais non protexidas, a razón pasaría a ser de 1,4 a 1, e apoiaría a hipótese de que no futuro as mulleres aumentarán o seu peso relativo con respecto aos homes.


Gráfico 6: Razón de sexos no diagnóstico VIH+ por ano. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

En canto á idade, cómpre sinalar que a infección polo VIH afecta fundamentalmente a adultos novos. O 79% de todos os casos tiñan no momento do diagnóstico da infección entre 25 e 49 anos.


Gráfico 7: Número de diagnósticos VIH+ por grupo de idade e sexo. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

A idade media no momento do diagnóstico da infección rolda os 36-38 anos, con valores moi similares en homes e mulleres (un pouco maior no sexo masculino).

Gráfico 8: Idade no momento do diagnóstico da infección polo VIH. Galicia 2004-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

CATEGORÍAS DE TRANSMISIÓN

A categoría de transmisión máis frecuente na infección polo VIH nos sete anos analizados foi a das relacións sexuais non protexidas, que supuxo o 72% dos casos (un 41,2% asociado a relacións heterosexuais e un 30,7% a relacións entre HSH), presentando un incremento de peso relativo con respecto aos casos debidos ao intercambio de xiringas entre UDI, que supoñen a segunda categoría de afectados do período, cun 23% dos infectados.


Gráfico 9: Número de diagnósticos VIH+ por ano e categoría de transmisión. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Se comparamos os datos de infección polo VIH (gráfico 9) cos datos de sida en Galicia para o mesmo período (gráfico 10), obsérvase o gran cambio no comportamento epidemiolóxico da transmisión que supón a información actualizada do rexistro dos casos VIH+ (claramente a transmisión por vía sexual é predominante), fronte á demorada no tempo que representan os datos do Rexistro Galego da Sida (en que “parecía” unha transmisión similar entre a vía sexual e a dos UDI).


Gráfico 10: Casos de sida por ano de diagnóstico e categoría de transmisión. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

É importante observar os datos da transmisión sexual por sexos, xa que a categoría máis asociada á infección cando non os separamos é a heterosexual, seguida polos HSH. Pero, tendo en conta só os homes, os HSH sitúanse como os máis afectados, presentando unha evolución ao ascenso gradual co paso dos anos, expresado nun cambio relativo (CR) ascendente do 11% no período 2004-2010.


Gráfico 11: Número de diagnósticos VIH+ na categoría de transmisión sexual por sexos. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Se describimos todas as categorías de transmisións nos homes, obsérvase que as infeccións asociadas aos HSH representan a primeira categoría de transmisión do período (en claro ascenso), por riba dos casos das categorías heterosexuais e UDI (estes últimos en claro descenso).


Gráfico 12: Número de diagnósticos VIH+ en homes por ano e categoría de transmisión. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Volvendo á totalidade da poboación, na categoría dos usuarios de drogas inxectables que comparten o material de inxección obsérvase unha tendencia clara á diminución do número de casos co paso dos anos, cun cambio relativo descendente do 25% no período 2004-2010, que é un pouco máis claro no caso dos homes por separado (gráfico 16a).

Gráfico 13: Número de diagnósticos VIH+ asociadas a usuarios de drogas que comparten material de inxección. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Se estudamos a distribución das porcentaxes referentes ás diferentes categorías de transmisión por sexos (gráfico 14), observamos que nas mulleres a categoría máis frecuente é claramente a asociada a prácticas heterosexuais non protexidas, cun 76% dos casos e cunha tendencia estable no tempo (táboa 3).

No caso dos homes, hai máis variación (táboa 2), observándose que a categoría de transmisión con maior porcentaxe de afectación varía cos anos, pero na maior parte do período a categoría que predomina son os homes que teñen relacións sexuais con

outros homes, e cunha tendencia ao aumento que xa comentamos anteriormente. A segunda categoría de transmisión sería a heterosexual, cunha tendencia estable no tempo. Os UDI que comparten material de inxección teñen menos incidencia que os grupos anteriores e, ademais, presentan unha tendencia clara ao descenso, cun CR dun 24% neste período de sete anos.

Táboa 2: Número de diagnósticos VIH+ por categoría de transmisión en homes. Galicia 2004-2010.

	UDI	T. heteros.	HSH	Rec. hem.	Rec. sangue	Fillos nai risco	Outros/desc.	TOTAL
2004	61	51	39	-	-	-	5	156
2005	55	50	50	-	-	-	5	160
2006	52	38	62	-	-	-	9	161
2007	33	62	64	1	-	-	7	167
2008	27	52	68	-	-	-	11	158
2009	26	50	83	1	-	-	6	166
2010	12	35	74	-	-	-	11	132
	266	338	440	2	0	0	54	1.100

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


Táboa 3: Número de diagnósticos VIH+ por categoría de transmisión en mulleres. Galicia 2004-2010.

	UDI	T. heteros.	Rec. hem.	Rec. sangue	Fillos nai risco	Outros/desc.	TOTAL
2004	15	35	-	-	-	3	53
2005	8	38	-	-	1	1	48
2006	11	38	1	-	-	2	52
2007	10	34	-	-	-	3	47
2008	8	40	-	-	-	4	52
2009	5	39	-	1	1	1	47
2010	2	26	-	-	-	3	31
	59	250	1	1	2	17	330

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Nos gráficos 14 e 16 constátase o predominio da transmisión da infección polo VIH a través da vía sexual: o 76% nas mulleres e o 71% nos homes (40% HSH e 31% heterosexual).


Gráfico 14: Categorías de transmisión dos diagnósticos VIH+ por sexos. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

No gráfico 15 vemos, o mesmo que noutros gráficos, o cambio que supón observar o fenómeno da afectación polo virus segundo o apreciamos dende a perspectiva da infección polo VIH (SIGIVIH) ou do Rexistro de Casos de Sida, de maneira que á hora de describir a situación do problema debemos facelo basicamente en termos de dinámica de infección e non de enfermidade, pois o cadro que representan é moi diferente.


Gráfico 15: % de diagnósticos VIH+ e sida segundo a práctica de risco e os anos. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

No gráfico 16 queda claro, como xa comentamos anteriormente, que a transmisión por vía sexual é predominante e que, no caso dos homes, a transmisión asociada aos HSH é superior á heterosexual.

Gráfico 16: % de diagnósticos VIH+ segundo o sexo, a práctica de risco e os anos. Galicia 2004-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


Ao considerar a categoría de transmisión e os grupos de idade, obsérvase que os máis afectados son os que teñen entre 25 e 44 anos nas tres categorías principais (82% dos UDI e 67% tanto en heterosexuais como en HSH), pero destaca o feito de que na transmisión heterossexual haxa unha presenza importante de infección en persoas maiores de 49 anos (18%).

Gráfico 17: Número de diagnósticos VIH+ por grupo de idade nas tres principais categorías de transmisión. Galicia 2004-2010.


17a: Transmisión heterosexual



17b: Transmisión en UDI



17c: Transmisión en HSH



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

ESTADIO CLÍNICO

Ao analizar o estadio clínico no momento do diagnóstico, o 61,5% preséntanse como infeccións asintomáticas (61% homes, 63% mulleres), o 18,3% como casos de sida (19% homes, 17% mulleres), o 13,5% como infeccións sintomáticas sen criterios de sida (13% homes, 14% mulleres) e o 6,7% como primoinfeccións (7% homes, 6% mulleres).

Gráfico 18: Estadio clínico* dos diagnósticos VIH+ por sexos. Galicia 2004-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

(*) en 16 diagnósticos VIH+, o que supón o 1% dos rexistros, non constaba o estadio clínico.


Tendo en conta a vía de transmisión, na categoría heterosexual o 59,7% atopábanse no estadio asintomático (57% homes, 64% mulleres), o 20,4% atopábanse no estadio de caso de sida (23% homes, 17% mulleres), o 14,5% atopábanse no estadio de sintomática sen criterios de sida (15% homes, 14% mulleres) e o 5,4% atopábanse no estadio de primoinfección (5% homes, 6% mulleres).

Gráfico 19: Estadio clínico dos diagnósticos VIH+ polas principais categorías de transmisión e sexos. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


Gráfico 20: Estadio clínico dos diagnósticos VIH+ na categoría de transmisión heterosexual segundo o sexo. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Nos homes infectados por relacións homo-bisexuais sen protección, o 66% atopábanse no estadio asintomático, o 13% no estadio de caso de sida, o 11% en sintomáticos sen criterios de sida e o 10% en primoinfeccións.


Gráfico 21: Estadio clínico dos diagnósticos VIH+ na categoría de homes que teñen relacións sexuais con outros homes. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Nos infectados por comparten material de inxección, o 62,7% atopábanse no estadio asintomático (62,5% homes e 63,8% mulleres), o 20,1% encontrábase no estadio de caso de sida (21,5% homes e 13,8% mulleres), o 12,7% atopábanse no estadio sintomático sen criterios de sida (12,5% homes e 13,8% mulleres) e o 4,5% estaban no estadio de primoinfección (3,5% homes e 8,6% mulleres).

Gráfico 22: Estadio clínico dos diagnósticos VIH+ na categoría de usuarios de drogas inxectables segundo o sexo. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

PAÍS DE ORIXE

No período estudado, o 19% dos novos diagnósticos de infección polo VIH (17% dos homes e 27% das mulleres) realizouse en persoas orixinarias doutros países. Os homes eran o 67% (razón de masculinidade de 2,1).


Gráfico 23: Número de diagnósticos VIH+ residentes en Galicia segundo a súa orixe. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

O mesmo que noutras situacións, obsérvase que o fenómeno da inmigración tamén o debemos ver dende a perspectiva da infección e non dos casos de sida, xa que daría unha idea de menor importancia deste aspecto.


Gráfico 24: % dos diagnósticos VIH+ e sida residentes en Galicia que non son de orixe española. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Os máis frecuentes foron os casos en latinoamericanos, cun 57% (homes 61% e mulleres 39%), seguidos dos europeos cun 25% –maioritariamente portugueses– (homes 79% e mulleres 21%), dos subsaharianos cun 14% (homes 66% e mulleres 34%) e do resto das áreas xeográficas cun 4% (homes 66% e mulleres 34%).

Gráfico 25: Número de diagnósticos VIH+ en estranxeiros segundo a área de orixe e sexo. Galicia 2004-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Por categorías de transmisión, os procedentes de Latinoamérica están maioritariamente asociados á transmisión por relacións sexuais non protexidas (94%: 56% heterosexuais e 38% homosexuais). Nos orixinarios de Europa, o 54% infectáronse por comparten material de inxección de drogas (30% por relacións

heterosexuais non protexidas) e os que viñeron de África case todos se infectaron por relacións heterosexuais non protexidas.

Gráfico 26: % dos diagnósticos VIH+ en estranxeiros segundo a área de orixe e a práctica de risco. Galicia 2004-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

DIAGNÓSTICO TARDÍO

Neste punto comentaremos os datos de infección polo VIH segundo o nivel de CD4, considerando diagnóstico tardío* (DT) o paciente con cifra de CD4 inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da súa infección polo virus.

Gráfico 27: Novos diagnósticos VIH+ segundo o nivel de CD4. Galicia 2004-2010.

n = 1.431 (77% homes e 23% mulleres)




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

(*) Documento de referencia: "Nuevos diagnósticos de VIH en España. Período 2003-2009". Actualización en 30 de xuño de 2010. Centro Nacional de Epidemiología.

A mediana de CD4 nos novos diagnósticos foi de 371, e observouse que o 46,5% dos infectados presentaban diagnóstico tardío, cunha inmunosupresión con <350 células/μl ao seren diagnosticados (o 29,3% tiñan menos de 200 CD4 –inmunosupresión severa– e o 17,2% entre 200 e 350 CD4), o que supón que case a metade dos infectados eran xa susceptibles de estaren a tratamento antirretroviral no momento do diagnóstico, tendo en conta os criterios actuais de comezo de pauta antirretroviral.


Gráfico 28: Novos diagnósticos VIH+ segundo o nivel de CD4 e o sexo. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

O nivel de CD4 segundo a idade categorizouse nos seguintes tramos de idade: de menos de 25 anos, de 25 a 34 anos, de 35 a 44 anos, de 45 a 54 anos e maiores de 54 anos. Vese que as maiores porcentaxes de diagnóstico tardío aumentan coa idade, pasando dun 23% no grupo de menor idade (26 de 115 casos) ata un 74% nos maiores de 54 anos (79 de 107 casos). Este mesmo comportamento vese por igual en todas as categorías de transmisión.

Gráfico 29: Novos diagnósticos VIH+ segundo o nivel de CD4 e os intervalos de idade. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


Tendo en conta as diferentes categorías de transmisión, o diagnóstico tardío para o período completo de sete anos é maior en infectados por relacións heterosexuais sen protección. O 51% (57% nos homes e 45% nas mulleres) dos casos asociados a esta categoría de transmisión son tardíos; algo moi similar sucede en UDI, cun 49% (51% nos homes e 37% nas mulleres), mentres que en HSH a porcentaxe é do 36%.

Gráfico 30: % do diagnóstico tardío nos novos diagnósticos VIH+ nas principais categorías de transmisión. Galicia 2004-2010



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


Gráfico 31: % do diagnóstico tardío nos novos diagnósticos VIH+ nas principais categorías de transmisión segundo o sexo e os anos. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Se estudamos a porcentaxe de cada unha das categorías de transmisión nos casos de atraso de diagnóstico, observamos que o 46% do diagnóstico tardío se asocia á transmisión heterossexual (37% para os homes e 78% nas mulleres), o 24% a UDI (26% para os homes e 15% nas mulleres) e o 31% do diagnóstico tardío en homes asóciase á categoría HSH.


Gráfico 32: % de diagnóstico tardío nos novos diagnósticos VIH+ segundo o sexo, a categoría de transmisión e os anos. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Ao estudar o diagnóstico tardío e a idade, vemos que a maioría deste tipo de diagnósticos se produciu entre as persoas de 35 a 44 anos, que representan o 40% de todos os casos de diagnóstico tardío (44% nos asociados a UDI, 41% en heterosexuais e 33% en HSH), seguidos dos que tiñan entre 25-34 anos, cun 26%; os de 45-54 anos, cun 19%, e os maiores de 54, cun 12%.

Gráfico 33: % de diagnóstico tardío nos novos diagnósticos VIH+ segundo os intervalos de idade e a categoría de transmisión. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


En xeral, podemos dicir que o atraso no diagnóstico segundo a idade aumenta con esta, pasando dun 23% de diagnóstico tardío no grupo de menores de 25 anos ata un 74% nos maiores de 54. Este mesmo comportamento vese por igual nas principais categorías de transmisión.

Táboa 4: % de diagnóstico tardío nos novos diagnósticos VIH+ segundo os grupos de idade e a categoría de transmisión. Galicia 2004-2010.

	Casos Totais	T. heteros.	HSH	UDI
Menores de 25 anos	22,6%	17,1%	26,3%	11,8%
De 25 a 34 anos	36,9%	29,8%	27,8%	47,6%
De 35 a 44 anos	49,6%	47,7%	34,9%	48,3%
De 45 a 54 anos	58,9%	51,1%	50,8%	66,7%
Maiores 54 anos	73,8%	58,8%	74,1%	100,0%

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Gráfico 34: % de diagnóstico tardío nos novos diagnósticos VIH+ en cada un dos intervalos de idade segundo o ano. Galicia 2004-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

- a. Os datos do SIGIVIH en Galicia no período 2004-2010 presentan unha incidencia de infección polo VIH de 74 casos/ano por millón de habitantes, o que nos sitúa por debaixo da incidencia anual española, que é de 91 para o intervalo 2004-2009.
- b. A información procedente do SIGIVIH complementa e mellora a ofrecida polo Rexistro Galego da Sida, dándonos uns datos máis próximos ao momento real da infección polo virus. Entre 2004 e 2010 declaráronse en Galicia 1.431 novos diagnósticos de VIH+ e soamente 612 casos de sida, o que supón un 134% máis de rexistros de infección que de enfermidade.
- c. O patrón epidemiolóxico predominante na transmisión do virus é claramente a vía sexual, cun 72% (un 41,2% asociado a relacións heterosexuais e un 30,7% a relacións entre HSH).
- d. No caso particular dos datos en homes, tamén se confirma o predominio da vía sexual, cun 71% dos infectados, pero neste caso predomina a transmisión en HSH cun 40% dos casos polos 31% asociados á vía heterosexual. Isto xustifica o reforzo das medidas preventivas neste colectivo para atallar a elevada prevalencia de infección por este virus nestas persoas.
- e. O 46% dos novos diagnósticos de infección presentan diagnóstico tardío, cunha inmunosupresión con < 350 CD4/ μ l ao seren diagnosticados (o 29% tiñan inmunosupresión severa con menos de 200 CD4 e o 17% entre 200 e 350 CD4), o que supón que case a metade dos infectados eran xa susceptibles de estaren a tratamento antirretroviral ao seren diagnosticados, tendo en conta os criterios actuais máis aceptados de comezo de pauta antirretroviral. Polo tanto, a promoción do diagnóstico precoz entre a poboación e os profesionais sanitarios é prioritaria para obter o máximo beneficio, individual e colectivo, dos avances na prevención e o tratamento da infección polo VIH.
- f. Os infectados non orixinarios de España representan o 19% dos casos rexistrados (27% das mulleres e 17% dos homes), o que supón a necesidade de diversificar os programas de prevención para adaptalos á poboación inmigrante, grupo social e culturalmente moi heteroxéneo, e especialmente vulnerable, sobre todo no caso das mulleres.

CASOS DE SIDA EN GALICIA: 1984-2010

O Rexistro Galego da Sida ofrécenos información sobre a evolución desta patoloxía en Galicia. Ao interpretar os datos que se achegan, debemos ter en conta que a incidencia de sida é un indicador da frecuencia e evolución dos estadios avanzados da infección polo VIH na poboación, polo que é clave para a avaliación da efectividade dos tratamentos e da precocidade do diagnóstico da infección polo VIH, pero non achega datos sobre a frecuencia de novas infeccións polo VIH na poboación nin sobre a súa evolución recente. Pódese dar o feito de que aumenten as novas infeccións mentres os casos de sida sigan outra tendencia, como sucede na actualidade.

O informe dos casos de sida declarados ao Rexistro Galego da Sida recolle información sobre os pacientes que foron diagnosticados de sida en Galicia durante os anos 1984 a 2010. Os datos son facilitados polos profesionais sanitarios que fan o correspondente diagnóstico (tal como se cita na Orde do 4 de decembro de 1998 pola que se regula o sistema específico de vixilancia da sida en Galicia). Para a análise epidemiolóxica tamén se inclúen os casos rexistrados fóra de Galicia pero que pertencen a persoas que residen habitualmente na nosa comunidade e, por outro lado, non son tidos en conta os casos declarados en institucións sanitarias galegas en que o concello de residencia habitual non é galego.

A base de datos que dá lugar a este informe actualízase continuamente, polo que poden existir cambios en anos pasados con respecto a informes anteriores. Ademais, é importante ter en conta o atraso no rexistro dos casos, sobre todo nos casos diagnosticados no último ano (os casos deste informe refírense aos que se declararon ata o 31 de decembro de 2010), debido aos lapsos de tempo que se producen entre o diagnóstico, a declaración e a introdución dos datos no rexistro.


Durante a maior parte das dúas últimas décadas do século XX, España foi o país do occidente europeo con maiores taxas de incidencia de sida, e no actual período de tempo é Portugal o país coa maior afectación pola sida nesta área. A nosa comunidade autónoma presenta, no conxunto das comunidades autónomas do Estado, unha incidencia anual de casos de sida sempre por debaixo da media estatal.

Todas as taxas que se citan neste informe para os casos de sida en Galicia 1984-2010 teñen en conta poboacións intercensuais calculadas polo Servizo de Epidemioloxía da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública a partir da interpolación entre os datos dos censos e padróns dende 1981 ata 1998, e só dos padróns dende 1999 a 2010, e están referidas ao 1 de xullo de cada ano.

A SIDA EN GALICIA 1984-2010

Dende que se diagnosticou o primeiro caso de sida en Galicia no ano 1984 e ata o ano 1996, a incidencia da sida mostrou unha evolución moi ascendente. A partir dese momento, a incidencia diminúe de forma considerable, descenso que supón máis do 40% entre 1997 e 1998. Durante os anos transcorridos do século XXI, a tendencia estabilízase, cunha taxa de incidencia que rolda os 40 casos por millón de habitantes. Esta diminución atribúese aos logros na prevención da enfermidade e, fundamentalmente, á utilización dos tratamentos antirretrovirais nas persoas infectadas polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH). Dende o ano 2001 notificáronse menos de 140 novos casos anuais, o que mantén a tendencia á estabilización antes comentada, situándose a taxa por debaixo do obxectivo proposto no Plan de Saúde de Galicia 2006-2010, que se establece en non subir de 50 casos por millón de habitantes cada ano.

Gráfico 35: Incidencia da sida por ano de diagnóstico. Galicia 1984-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

No informe comentaremos maioritariamente a situación con respecto á sida, pero debemos ter sempre claro que a enfermidade sofre un atraso dunha década con respecto á infección polo VIH, período aproximado que adoita tardar un infectado en desenvolver a sida en ausencia de tratamento.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

O número acumulado de casos de sida ata o 31 de decembro de 2010, vivos e falecidos, en Galicia é de 3.887, sendo a provincia da Coruña a que presenta maior número de casos (1.623, fronte aos 1.515 de Pontevedra, os 433 de Ourense e os 316 de Lugo). Non obstante, ao calcular as taxas acumuladas de 1984 ata 2010, por millón de habitantes, a provincia con maior taxa é Pontevedra (1.654 por millón de habitantes, polos 1.460 da Coruña e os 1.250 de Ourense), sendo Lugo a provincia que, de forma acumulada, presenta a menor incidencia, con 852 casos por millón de habitantes durante os 27 anos.


Gráfico 36: Número de casos e incidencia da sida por provincia. Galicia 1984-2010.



DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

A incidencia anual por provincia de residencia é bastante irregular, como se observa no gráfico 37, aínda que queda clara a tendencia xeneralizada ao descenso nas catro provincias, sendo Lugo a provincia que adoita estar por debaixo das demais.

Gráfico 37: Incidencia da sida por provincia e ano. Galicia 1988-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Táboa 5: Casos de sida por provincia e ano de declaración. Galicia 1984-2010.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
1984	0	0	0	1	1
1985	3	0	0	5	8
1986	6	3	2	13	24
1987	14	6	7	14	41
1988	30	8	7	44	89
1989	39	9	23	70	141
1990	74	21	25	80	200
1991	103	22	34	87	246
1992	107	19	27	97	250
1993	80	19	31	102	232
1994	126	28	34	135	323
1995	112	34	41	113	300
1996	150	34	37	137	358
1997	114	21	33	92	260
1998	78	12	11	48	149
1999	69	6	24	51	150
2000	80	6	16	47	149
2001	61	14	11	47	133
2002	43	6	13	53	115
2003	42	8	10	46	106
2004	48	5	15	52	120
2005	45	7	3	36	91
2006	35	12	8	45	100
2007	48	5	4	40	97
2008	44	3	6	29	82
2009	46	4	9	15	74
2010	26	4	2	16	48
	1.623	316	433	1.496	3.887

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


Táboa 6: Casos de sida por área de saúde e ano de declaración. Galicia 1984-2010.

	O SALNÉS	O BARCO	CERVO	LUGO	MONFORTE	OURENSE	VIGO	PONTEVEDRA	SANTIAGO	A CORUÑA	FERROL	TOTAL
1984	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
1985	1	0	0	0	0	0	1	3	0	2	1	8
1986	3	0	0	0	3	2	8	2	1	3	1	24
1987	0	0	1	3	2	7	5	8	2	12	0	41
1988	9	1	1	5	2	6	20	14	13	9	9	89
1989	5	0	1	6	2	23	43	19	11	25	4	141
1990	10	2	3	11	7	22	56	13	15	40	19	200
1991	12	1	3	12	7	31	47	22	20	70	13	246
1992	12	0	2	13	4	26	44	32	25	70	16	250
1993	13	2	1	18	0	28	61	25	17	47	16	232
1994	18	2	2	23	1	31	87	27	23	82	24	323
1995	7	3	6	24	3	38	71	33	20	76	18	300
1996	15	0	4	24	6	37	76	42	42	69	43	358
1997	5	3	3	15	3	30	63	23	33	62	20	260
1998	5	0	3	9	0	11	24	19	12	49	17	149
1999	5	0	2	4	0	22	25	18	21	31	20	150
2000	2	0	1	4	1	15	27	15	16	42	22	149
2001	3	0	5	9	0	11	20	22	17	30	16	133
2002	7	2	0	5	1	11	22	23	15	19	9	115
2003	4	2	5	3	0	8	24	18	8	27	7	106
2004	4	2	0	5	0	13	24	22	7	26	17	120
2005	3	0	1	5	1	3	15	15	10	32	6	91
2006	3	0	6	6	0	8	18	23	7	22	7	100
2007	5	0	1	3	1	4	21	14	8	31	9	97
2008	2	0	0	1	2	5	11	15	12	24	9	82
2009	0	0	1	3	0	9	12	3	7	32	7	74
2010	0	0	0	3	1	2	12	3	7	15	4	48
	154	20	52	214	47	403	837	473	369	947	334	3.887

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

No gráfico 38 preséntanse, de menor a maior, os datos da incidencia de casos de sida para as diferentes áreas de saúde de Galicia 1984-2010 e dous períodos de tempo representativos –anterior e posterior ao tratamento antirretroviral de grande actividade (TARGA)– da evolución da epidemia de sida na nosa comunidade.

Gráfico 38: Incidencia da sida por períodos e área de saúde. Galicia 1984-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

SEXO E IDADE

Respecto da distribución por sexos dos casos acumulados, o 77,2% pertencen ao sexo masculino. A evolución do número de casos de ambos os sexos ao longo dos anos queda reflectida no gráfico 39.


Gráfico 39: Casos de sida por sexo e ano de diagnóstico. Galicia 1984-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


A razón de sexos (homes/mulleres) descende dende finais dos 80 ata mediados dos 90, pero dende 1996 o comportamento é máis irregular, aínda que a razón rolda o 3 a 1.

Gráfico 40: Razón de sexos na sida por ano de diagnóstico. Galicia 1986-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

En canto á idade, cómpre sinalar que a sida afecta fundamentalmente aos adultos novos. O 69% de todos os casos tiñan no momento do diagnóstico entre 25 e 39 anos, sendo un 86% se aumentamos o intervalo a persoas que teñen entre 20 e 44 anos.

Gráfico 41: Casos de sida por grupo de idade e sexo. Galicia 1984-2010.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

A idade no momento do diagnóstico presenta unha evolución crecente sostida. Entre os anos 2003 e 2010 a mediana amosaba un valor de 39 anos, presentando unha situación máis irregular no caso das mulleres.

Gráfico 42: Idade no momento do diagnóstico da sida. Galicia 1988-2010.


(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

No rexistro constan 73 casos de sida en persoas con 65 ou máis anos (81% son homes), nos que a infección se produciu maioritariamente por transmisión sexual.

CATEGORÍAS DE TRANSMISIÓN


A categoría de transmisión máis frecuente ao longo dos anos nos casos de sida declarados en Galicia é a asociada ao consumo de drogas inxectadas, cun 62,6% dos casos rexistrados, pero no ano 2009 xa se comeza a observar que os casos por transmisión heterossexual son máis elevados que os de usuarios de drogas inxectables (UDI). Por outra parte, a transmisión heterossexual é a segunda categoría máis frecuente, cun 21,4% no total do período, pero cunha tendencia relativa ao aumento, cousa que non sucede nos UDI, nos cales o seu peso relativo se presenta claramente á baixa.

Gráfico 43: Casos de sida por ano de diagnóstico e categoría de transmisión. Galicia 1984-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Observando os casos novos de sida en usuarios de drogas inxectables, detectamos un descenso claro e continuo a partir do ano 1997.

Gráfico 44: Casos de sida en usuarios de drogas inyectables (UDI). Galicia 1984-2010.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Na categoría de homes que teñen relacións sexuais con outros homes (HSH), a evolución é máis irregular, e intúese un ascenso relativo dos casos rexistrados no século XXI.


Gráfico 45: Casos de sida en homes que teñen relacións homosexuais con outros homes (HSH). Galicia 1984-2010.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Na categoría de transmisión heterosexual, facemos a análise tendo en conta os homes e as mulleres por separado. Nos homes obsérvase unha evolución parecida á do consumo de drogas inyectables, aínda que menos espectacular (gráfico 46a), pero no caso das mulleres houbo unha tendencia á estabilización dos casos por


transmisión heterosexual a partir de 1998, con suaves ondas de subida e baixada (gráfico 46b).

Gráfico 46: Casos de sida por transmisión heterosexual segundo o sexo. Galicia 1984-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Se estudamos a distribución das porcentaxes referentes ás diferentes categorías de transmisión por sexos, observamos que existen diferenzas notorias. A pesar de que a categoría asociada ao consumo de drogas inxectadas é a máis frecuente en ambos os sexos para o total dos 27 anos, no período 2004-2010 representa aínda un 46% nos homes e o 34% nas mulleres. Debemos destacar que a transmisión heterosexual, neste último período, supuxo o 55% dos casos nas mulleres diagnosticadas da sida e o 27% nos homes. Ten consideración á parte o feito de que, no caso dos homes, a transmisión por prácticas homosexuais de risco supoña xa o 21% dos casos da sida entre os anos 2004 e 2010.

Gráfico 47: % de casos de sida segundo o sexo, práctica de risco e períodos anuais. Galicia 1984-2010.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Táboa 7: Número de casos de sida por categoría de transmisión en homes. Galicia 1984-2010.

	UDI	T. heteros.	HSB	Receptores hemoderivados	Receptores sangue	Filios nai risco	Outros/ desc.	TOTAL
1984	1	0	0	0	0	0	0	1
1985	3	0	2	2	0	0	0	7
1986	12	0	1	5	0	0	0	18
1987	23	5	1	3	0	1	0	33
1988	52	4	8	2	2	1	1	70
1989	92	5	12	5	2	0	1	117
1990	124	8	20	6	3	0	3	164
1991	141	17	24	8	3	0	8	201
1992	146	22	20	1	2	0	5	196
1993	135	16	18	4	1	1	5	180
1994	182	41	19	3	1	0	3	249
1995	148	33	26	4	0	1	3	215
1996	196	51	26	3	0	0	9	285
1997	124	40	15	2	3	0	9	193
1998	72	27	13	2	0	0	4	118
1999	74	31	8	0	0	0	6	119
2000	61	26	14	1	0	0	9	111
2001	67	22	6	2	1	0	9	107
2002	46	18	13	0	0	0	12	89
2003	41	20	10	0	0	0	5	76
2004	47	20	16	0	0	0	7	90
2005	29	16	15	0	0	0	3	63
2006	36	15	17	1	0	0	4	73
2007	34	19	9	0	0	0	7	69
2008	31	18	19	0	0	0	1	69
2009	19	20	13	1	0	0	1	54
2010	10	15	6	0	0	0	2	33
	1.946	509	351	55	18	4	117	3.000


(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Táboa 8: Número de casos de sida por categoría de transmisión en mulleres. Galicia 1984-2010.

	UDI	T. heteros.	Receptores hemoderivados	Receptores sangue	Filios nai risco	Outros/ desc.	TOTAL
1984	0	0	0	0	0	0	0
1985	1	0	0	0	0	0	1
1986	6	0	0	0	0	0	6
1987	5	2	0	0	0	1	8
1988	18	1	0	0	0	0	19
1989	12	7	0	2	3	0	24
1990	28	6	0	1	1	0	36
1991	36	6	0	1	0	2	45
1992	37	14	2	0	1	0	54
1993	37	12	1	1	0	1	52
1994	48	21	1	3	0	1	74
1995	47	34	0	2	1	1	85
1996	34	32	0	1	1	5	73
1997	33	25	2	0	2	5	67
1998	18	9	0	0	0	4	31
1999	14	12	1	1	0	3	31
2000	20	17	0	0	0	1	38
2001	12	11	0	1	0	2	26
2002	12	13	0	0	0	1	26
2003	16	11	0	0	1	2	30
2004	11	15	0	0	0	4	30
2005	7	18	0	0	0	3	28
2006	10	14	0	0	0	3	27
2007	14	10	0	0	0	4	28
2008	3	10	0	0	0	0	13
2009	6	11	0	0	0	3	20
2010	4	10	0	0	0	1	15
	489	321	7	13	10	47	887

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Gráfico 48: Casos de sida por grupo de idade nas tres principais categorías de transmisión. Galicia 1984-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Para facilitar a comparación das categorías de transmisión por sexos, presentamos os datos agrupados por períodos:

Constátase a tendencia ao aumento relativo da importancia da transmisión por prácticas heterosexuais non protexidas. E, no caso particular dos homes, vese tamén o incremento da transmisión por prácticas homosexuais de risco (gráfico 49).

Gráfico 49: Categorías de transmisión da sida por sexos e períodos de tempo. Galicia 1984-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

ENFERMIDADES DIAGNÓSTICAS

A enfermidade indicativa de sida máis frecuente no momento do diagnóstico, nos casos acumulados de sida en Galicia dende 1994 a 2010, é a tuberculose diseminada ou extrapulmonar (18% das 3.006 enfermidades diagnosticadas), seguida da pneumonía por *Pneumocystis jiroveci* (16%) e da tuberculose pulmonar en maiores de 12 anos (14%).

Gráfico 50: Enfermidades indicativas de sida máis frecuentes no momento do diagnóstico. Galicia 1984-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

O motivo polo cal comentamos o período de 1994 a 2010 é porque no ano 1994 se ampliou a definición de caso de sida para a vixilancia epidemiolóxica, engadindo tres novas entidades: a tuberculose pulmonar en maiores de 12 anos, as pneumonías bacterianas recorrentes (dous episodios ou máis nun período de 12 meses) e o cancro invasivo de colo uterino.

INSTITUCIÓN DECLARANTE

A institución que máis casos declara ao Rexistro Galego da Sida é o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (24% dos casos), seguido polo Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (19%).

Gráfico 51: Casos de sida nas nove institucións que máis declaran. Galicia 1984-2010.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

INTERVALO ENTRE O DIAGNÓSTICO DE VIH(+) E CASO SIDA

Nos primeiros anos da epidemia na nosa comunidade, este intervalo de tempo adoitaba ser pequeno, e mesmo era frecuente que as persoasoubesen que estaban infectadas polo VIH cando eran diagnosticadas de sida porque xa aparecera algunha das enfermidades indicativas da diminución de inmunidade que provoca a infección polo virus.

Ata mediados dos anos 90 foi aumentando a proporción de persoas que, cando eran diagnosticadas de sida, xa coñecían dende anos atrás que estaban infectadas polo VIH.

Gráfico 52: Evolución do intervalo entre a confirmación de persoa VIH(+) e o seu diagnóstico de caso de sida (en porcentaxe dos casos). Galicia 1997-2010.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Non obstante, hai que salientar que nos últimos anos unha proporción importante –máis da terceira parte– das persoas que son diagnosticadas de sida non sabían que estaban infectadas polo VIH, ou coñecíano, como moito, con seis meses de antelación.


Isto indícanos que, malia os grandes avances na abordaxe da infección polo VIH/sida, hoxe en día unha proporción importante das persoas afectadas non se benefician das vantaxes do diagnóstico precoz en termos de ganancia en cantidade e calidade de vida, ademais da prevención da transmisión a outras persoas.

Así pois, a promoción do diagnóstico precoz entre as persoas con prácticas de risco debe ser unha actividade prioritaria para a prevención e control da infección no noso contorno.

PAÍS DE ORIXE

Ata o ano 1998 a porcentaxe de casos de sida declarados no Rexistro Galego da Sida correspondentes a persoas estranxeiras (nacidos fóra de España e residentes en Galicia) era testemuñal, sen superar nunca o 2% dos casos anuais. No ano 1999 cambiou a tendencia e xa constituíu o 5,3% dos casos, representando na década 2001-2010 un 10,2% dos casos rexistrados.

Gráfico 53: Porcentaxe de casos de sida en persoas non españolas que residen en Galicia. Galicia 1988-2010.




(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

O número acumulado de casos destes pacientes dende 1984 a 2010 son 142, dun total de 3.887 casos rexistrados, sendo maioritariamente homes nun 64% (91 casos).

A área xeográfica de onde proceden principalmente é Latinoamérica, cun 48% dos casos (39 homes e 29 mulleres), seguida de Europa cun 32% (34 homes e 12 mulleres) e África subsahariana cun 15%.

As categorías de transmisión máis correntes no total destas persoas é a transmisión por vía heterosexual, cun 45% dos casos (64 de 142), e a dos UDI que comparten as xiringas, cun 28% (no caso dos europeos, esta é a conduta de risco máis presente, con 29 casos de 46), representando os HSH un 17%.

Gráfico 54: % dos casos de sida en persoas non españolas segundo a área de orixe e práctica de risco. Galicia 1984-2010.



(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

- a. A incidencia anual dos casos de sida está estabilizada en menos de 50 casos por millón de habitantes dende o ano 2001.
- b. En Galicia as persoas que teñen prácticas de risco en relación co feito de compartiren o material de inxección para o consumo de drogas eran as máis afectadas, pero actualmente, e dado o aumento relativo das infeccións por prácticas de risco en relacións sexuais non protexidas, debemos comezar a insistir en que son estas prácticas de risco o aspecto máis importante na transmisión da infección.
- c. A idade máis frecuente de diagnóstico dos casos de sida está arredor dos 40 anos, pero xa temos rexistrados 73 casos en persoas maiores de 64 anos (81% homes), e maioritariamente pola vía heterosexual, de maneira que debemos comezar a ter en conta este feito ante unha exploración das persoas maiores na práctica asistencial.
- d. Ata agora, e dada a inexistencia de tratamento curativo para o VIH/sida, considerabamos a prevención como alternativa principal de control do problema. Esta circunstancia ten máis importancia, se cabe, pola tendencia actual do aumento das infeccións por prácticas de risco asociadas á transmisión heterosexual e, debido á non percepción de risco que teñen estas persoas, o diagnóstico precoz da infección debe ser o mecanismo principal de actuación a curto e medio prazo en Galicia.
- e. Dada a utilidade limitada dos datos de sida na epidemioloxía da infección polo virus da inmunodeficiencia humana, sobre todo polo tempo que pasa entre a infección por este virus e a aparición das enfermidades indicativas de sida, cómpre traballar máis con datos de infección VIH que de enfermidade por sida. Por esta razón, darémoslle un forte pulo ao Sistema de Información Galego sobre a Infección polo VIH (SIGIVIH), que fai fincapé nos comezos do problema e non nas etapas finais da evolución natural da infección.

MORTALIDADE POLO VIH-SIDA: GALICIA 1984-2008

A supervivencia dos pacientes con infección polo VIH mellorou moito coa introdución dos tratamentos antirretrovirais de alta eficacia, pero esta segue sendo unha patoloxía grave que non ten curación. O seguimento das mortes polo VIH supón un indicador para avaliar a efectividade dos tratamentos e as actividades de prevención dirixidas á loita contra a infección polo virus.

Unha das fontes de información usadas para vixiar a mortalidade polo VIH é a Estatística de Mortalidade por Causas elaborada polo Instituto Nacional de Estadística (INE). A cobertura é estatal e obtense de maneira similar en todas as comunidades autónomas.

Os ficheiros de datos de defuncións, para codificar a Causa Básica de Morte, usan a Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE). Durante o período 1981-1999 producíronse moitos cambios nos criterios de clasificación que afectaron ás defuncións polo VIH. Inicialmente usouse a CIE 9ª revisión, na que non existían códigos específicos para a infección polo VIH, dado que en 1975, cando se estableceu esta clasificación, a infección polo virus era unha doenza descoñecida; non foi ata o ano 1989 cando se definiron códigos específicos para rexistrar as mortes polo VIH.

Por este motivo, ata 1989 as defuncións polo VIH rexistrábanse no grupo 279 (trastornos do mecanismo da inmunidade) e seus códigos (279.1, 279.3, 279.8 e 279.9). A partir de 1989, estableceuse que as mortes polo virus debían incluírse nun dos seguintes códigos: 279.5 (sida), 279.6 (complexo relacionado coa sida) e 795.8 (infección polo VIH). Dende o ano 1999 comeza a aplicarse a CIE 10ª revisión, na cal se inclúen códigos específicos para o VIH (B20, B21, B22, B23, B24 e R75), polo que dende o ano 2000 só se teñen en conta os ditos códigos para o cálculo da mortalidade.

RESULTADOS DO ANO 2008

No ano 2008 producíronse en Galicia un total de 29.635 mortes, das que 65 (2,2‰) foron por VIH-sida. Destas, 53 (82%) producíronse en homes e 12 (18%) en mulleres. A taxa de mortalidade global polo VIH foi de 2,33 por 100.000 habitantes.

Táboa 9: Defuncións totais, polo VIH, mortalidade proporcional por mil polo VIH e taxa de mortalidade polo VIH por 100.000 habitantes, total e por sexo. Galicia ano 2008.

	Defuncións totais	Defuncións polo VIH/sida	Defuncións polo VIH/sida (‰)	Taxa de mortalidade VIH/sida
Homes	14.994	53	3,53	3,93
Mulleres	14.641	12	0,82	0,83
TOTAL	29.635	65	2,19	2,33

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)


A idade media dos falecidos polo VIH foi de 45 anos (DE 8,5 anos), sen diferenzas por sexo (homes 45,0 cunha DE 7,8 anos e mulleres 44,8 cunha DE 11,5 anos).

Segundo grupos de idade, o maior número de mortes, 36 (55% do total de falecidos), rexistrouse no grupo de 35 a 44 anos, seguido dos de 45 a 54 anos, con 19 mortes (29% do total). Este patrón repítese tanto en homes como en mulleres.

Táboa 10: Defuncións polo VIH-sida. Número e taxa por 100.000 habitantes, segundo o sexo e grupos de idade. Galicia ano 2008.

	Total (N)	Taxa por 100.000 habitantes	HOMES (N)	Taxa por 100.000 habitantes	MULLERES (N)	Taxa por 100.000 habitantes
0 a 4 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00
5 a 9 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00
10 a 14 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00
15 a 19 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00
20 a 24 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00
25 a 29 anos	1	0,50	1	0,98	0	0,00
30 a 34 anos	2	0,87	2	1,73	0	0,00
35 a 39 anos	13	5,97	7	6,42	6	5,51
40 a 44 anos	23	10,98	21	20,19	2	1,90
45 a 49 anos	9	4,48	8	8,01	1	0,99
50 a 54 anos	10	5,41	9	9,84	1	1,07
55 a 59 anos	2	1,15	2	2,34	0	0,00
60 a 64 anos	2	1,17	1	1,22	1	1,13
65 a 69 anos	1	0,72	1	1,54	0	0,00
70 a 74 anos	2	1,32	1	1,48	1	1,19
75 a 79 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00
80 a 84 anos	0	0,00	0	0,00	0	0,00
> 84	0	0,00	0	0,00	0	0,00
total	65	2,33	53	3,93	12	0,83

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Gráfico 55: Taxas de mortalidade polo VIH segundo os grupos de idade. Galicia ano 2008.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

RESULTADOS DO PERÍODO 1984-2008


Se consideramos o período completo dende 1984 a 2008, producíronse en Galicia un total de 2.678 mortes polo VIH (81% homes, 19% mulleres). O número de defuncións acadou o seu máximo nos anos 1995 e 1996 para, posteriormente, diminuír axiña nos dous anos seguintes e estabilizarse en menos de 100 mortes anuais nos últimos dez anos analizados.

Táboa 11: Defuncións polo VIH-sida. Número e taxa por 100.000 habitantes, segundo o sexo. Galicia 1984-2008.

	Total (N)	Taxa por 100.000 habitantes	HOMES (N)	Taxa por 100.000 habitantes	MULLERES (N)	Taxa por 100.000 habitantes
1984	2	0,07	1	0,08	1	0,07
1985	2	0,07	2	0,15	0	0,00
1986	6	0,22	5	0,38	1	0,07
1987	15	0,55	13	0,99	2	0,14
1988	48	1,76	44	3,33	4	0,28
1989	55	2,01	48	3,64	7	0,50
1990	111	4,06	83	6,29	28	1,98
1991	129	4,73	104	7,90	25	1,77
1992	174	6,38	149	11,32	25	1,77
1993	200	7,32	160	12,15	40	2,83
1994	230	8,40	182	13,80	48	3,39
1995	293	10,69	231	17,51	62	4,36
1996	283	10,35	226	17,17	57	4,02
1997	165	6,04	133	10,14	32	2,25
1998	94	3,44	80	6,10	14	0,99
1999	102	3,73	82	6,25	20	1,41
2000	93	3,40	72	5,48	21	1,48
2001	82	3,00	65	4,94	17	1,20
2002	102	3,72	78	5,91	24	1,69
2003	92	3,34	74	5,59	18	1,26
2004	80	2,90	65	4,90	15	1,05
2005	83	3,00	71	5,33	12	0,84
2006	80	2,89	64	4,80	16	1,12
2007	92	3,31	73	5,44	19	1,32
2008	65	2,33	53	3,93	12	0,83
total	2.678		2.158		520	

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Ao longo do período, a taxa de mortalidade foi, de maneira continuada, máis alta en homes que en mulleres, cun pico máximo no ano 1995, cunha taxa de mortalidade de 10,7 mortes por 100.000 habitantes (17,5 en homes e 4,4 en mulleres).

Gráfico 56: Taxas de mortalidade polo VIH segundo o sexo e os anos. Galicia 1984-2008.

(DXIXSP: datos en 31 de decembro de 2010)

Estes informes son resultado do esforzo e dedicación dos sanitarios que colaboran coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. A maioría destes profesionais da saúde traballan nos seguintes centros sanitarios:

- COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA
Servizo de Medicina Interna
 As Xubias de Arriba, 84
 15006 A Coruña
 Tel.: 981 178 000
- COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO
Servizo de Medicina Interna
 Travesía da Choupana, s/n
 15706 Santiago de Compostela
 Tel.: 981 950 000
- HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE
Servizo de Medicina Interna
 Estrada de San Pedro de Leixa, s/n
 15045 Ferrol
 Tel.: 981 334 000
- HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI
Servizo de Medicina Interna
 San Cibrao, s/n
 27004 Lugo
 Tel.: 982 296 000
- COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE
Servizo de Medicina Interna
 Rúa Ramón Puga, 54
 32005 Ourense
 Tel.: 988 385 500
- COMPLEXO HOSPITALARIO DE PONTEVEDRA
Servizo de Medicina Interna
 Rúa Loureiro Crespo, 2
 32002 Pontevedra
 Tel.: 986 800 000
- COMPLEXO HOSPITALARIO DE VIGO
Servizo de Medicina Interna do Xeral-Cíes
 Rúa Pizarro, 22
 36204 Vigo
 Tel.: 986 816 000
- **Unidade de Patoloxía Infecciosa do Meixoeiro**
 O Meixoeiro, s/n
 36200 Vigo
 Tel.: 986 811 111
- POLICLÍNICO VIGO, SA (POVISA)
Servizo de Medicina Interna
 Salamanca, 5
 36211 Vigo
 Tel.: 986 413 144

